

addenda as programacións didácticas

CURSO 2019 - 2020
C.E.I.P. SAN MARCOS - CARTELLE

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

ED. INFANTIL .	PÁX. 3
1º ED. PRIMARIA .	
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR MATERIAS.	PÁX.5
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	PÁX.14
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.	PÁX.15
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE - 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	PÁX.16
2º ED. PRIMARIA .	
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR MATERIAS.	PÁX.17
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	PÁX.26
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.	PÁX.27
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE. - 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	PÁX.28
3º ED. PRIMARIA .	
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR MATERIAS.	PÁX.29
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	PÁX.38
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.	PÁX.39
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE. - 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	PÁX.40
4º ED. PRIMARIA .	
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR MATERIAS.	PÁX.41
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	PÁX.50
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.	PÁX.51
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE. - 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	PÁX.52
5º ED. PRIMARIA .	
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR MATERIAS.	PÁX.53
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	PÁX.62
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.	PÁX.63
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE. - 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	PÁX.64
6º ED. PRIMARIA .	
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR MATERIAS.	PÁX.65
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	PÁX.74
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.	PÁX.75
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE. - 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	PÁX.76

ED. INFANTIL

1. INDICADORES ESPECÍFICOS OBSERVABLES

Participa activamente nas actividades e tarefas.
Esfórzase na realización das tarefas.
Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente.
Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.
É orixinal na súa expresión plástica.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación	Procedementos: - Visualización das tarefas e actividades propostas.
	Instrumentos: - Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).
Cualificación final	A cualificación final (avaliación ordinaria), obterase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).

Actividades	Repaso dos contidos dados previamente a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro Instagram

1º ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 99.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	Separa as palabras que conforman un enunciado.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.
Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.
Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

CIENCIAS NATURAIS.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.
Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

CIENCIAS SOCIAIS.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.
Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debера recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou persoas, etc.
Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebración), e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.	Entende a información esencial cando participa nunha conversación sinxela sobre temas familiares. Identifica o tema dunha conversación sinxela na que non participe.
Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	Expón presentacións e moi sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre sí ,mesmo, e os seus gustos.
Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	Participa activamente e de maneira espontánea, en actividades de aula, usando a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Le e comprende palabras e frases moi sinxelas, previamente traballadas en interaccións orais reais ou simuladas.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN MUSICAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
Realizar pequenas coreografías.	Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.
Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinces, rotuladores, lapis de cores etc.).
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	Participa activamente nas actividades propostas.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais	Desenvolve as súas habilidades motrices cunha boa orientación espacial.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia	Coñece xogos tradicionais de Galicia. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación

Procedementos:

- Revisión das tarefas e actividades propostas.

Instrumentos:

- Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).

Cualificación final

A cualificación final (avaliación ordinaria), obterase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación, valorando positivamente a continuidade do alumnado dende o comezo das clases non presenciais.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN).

Actividades	Repaso, reforzo e ampliación dos contidos a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber, contribuíndo por medio de todas as tarefas propostas que o alumnado acade habilidades e destrezas das competencias recollidas no D 105/2014.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos, libros de texto do alumnado... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro Instagram

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No referente á atención á diversidade, no noso centro estamos a traballar elaborando tarefas e actividades para o traballo online en coordinación co departamento de orientación e coa mestra de PT/AL.

Os medios empregados para a intervención son, principalmente, todo tipo de recursos que poden ser utilizados online, empregando a páxina web do centro.

Os alumnos con neae están respondendo de xeito desigual na participación das actividades propostas. Hai unha comunicación fluída entre titores e mestres de apoio cos alumnos e alumnas.

O profesorado de apoio (PT/AL) e as titoras teñen unha comunicación fluída coas familias telemáticamente e por teléfono móbil, xa que o centro adaptou o modelo de titorías á nova situación.

2º ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 999.
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)
Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso común ou procedentes dos medios de comunicación.	Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	Identifica o tema dun texto sinxelo.
Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

CIENCIAS SOCIAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, actividades) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto.	Entende instrucións e peticións sinxelas. Entende a información esencial cando participa nunha conversación sinxela sobre temas familiares.
Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversación, cumprindo a función comunicativa principal do texto (p. e. un saúdo, unha felicitación, un intercambio de información).	Participa en conversacións cara a cara nas que saúda, preséntase, pide algo prestado, expresa as súas necesidades, dá as grazas e despídese, facilitadas por rutinas de comunicación.
Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”) aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática	Expon presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre o entorno inmediato, a súa familia e a súa clase.
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, actividades), e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto.	Le e comprende palabras e frases moi sinxelas, previamente traballadas en interaccións orais reais o simuladas.
Identificar o tema e o sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con predominio de estruturas sinxelas e léxico de moi alta frecuencia, sobre temas moi coñecidos e cotiáns, sendo indispensable a relectura, algunhas aclaracións e a presenza dun forte apoio visual e contextual.	Comprende a idea esencial de historias breves e sinxelas e identifica os principais personaxes, con axuda de apoio visual.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN MUSICAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	Representa de diferentes maneiras o espazo.
Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	Participa activamente nas actividades propostas.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais	Desenvolve as súas habilidades motrices cunha boa orientación espacial.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia	Coñece xogos tradicionais de Galicia. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Revisión das tarefas e actividades propostas. <p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).
Cualificación final	<p>A cualificación final (avaliación ordinaria), obterase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación, valorando positivamente a continuidade do alumnado dende o comezo das clases non presenciais.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN).

Actividades	Repaso, reforzo e ampliación dos contidos a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber, contribuíndo por medio de todas as tarefas propostas que o alumnado acade habilidades e destrezas das competencias recollidas no D 105/2014.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos, libros de texto do alumnado... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro. Instagram.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No referente á atención á diversidade, no noso centro estamos a traballar elaborando tarefas e actividades para o traballo online en coordinación co departamento de orientación e coa mestra de PT/AL.

Os medios empregados para a intervención son, principalmente, todo tipo de recursos que poden ser utilizados online, empregando a páxina web do centro.

Os alumnos con neae están respondendo de xeito desigual na participación das actividades propostas. Hai unha comunicación fluída entre titores e mestres de apoio cos alumnos e alumnas.

O profesorado de apoio (PT/AL) e as titoras teñen unha comunicación fluída coas familias telemáticamente e por teléfono móbil, xa que o centro adaptou o modelo de titorías á nova situación.

3º ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.	Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Aproxima números á decena, centena e millar.
Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.	Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos.	Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar a lingua galega con diversos con-textos de uso oral.	Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas co-ñecidas ou descoñecidas.
Comprender e locali-zar información explícita en textos sinxelos de uso co-tián ou procedentes dos medios de comunicación.	Comprende a información relevante de tex-tos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos me-dios de comunicación ou os relacionados coa esco-la.	Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
Utilizar recursos gráficos, como a ilustra-ción, que faciliten a com-prensión dos textos.	Ilustra creativa-mente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

LENQUA CASTELLANA Y LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos - exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.
Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevante.	Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.
Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.
Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados.	Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.
Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá.	Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

CIENCIAS SOCIAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación dos resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitacións.	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	Escrebe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebración), condicións de vida (vivenda, ámbito), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.	Comprende a información xeral de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interés sempre e cando se fale de maneira lenta e clara.
Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de ton básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	Capta a idea xeral ao visionar programas infantís.
Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que se produzan textos, vacilacións, repeticións ou pausas para reorganizar o discurso.	Expón presentacións breves, sinxelas, preparadas e ensaiadas, sobre descripcións de persoas, lugares e obxectos.
Identificar o sentido xeral, as ideas principais e a maioría das informacións específicas en textos impresos ou dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas moi familiares e cotiáns, sempre que se poida reler ou pedir aclaracións e cóntese con apoio visual e contextual.	Comprende as ideas principais de historias breves e sinxelas e identifica os principais personaxes, con axuda de apoio visual.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN MUSICAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Descibir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.
Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.
Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.
Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	Realiza actividades físicas e xogos en contornos non habituais.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación

Procedementos:

- Revisión das tarefas e actividades propostas.

Instrumentos:

- Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).

Cualificación final

A cualificación final (avaliación ordinaria), obtérase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación, valorando positivamente a continuidade do alumnado dende o comezo das clases non presenciais.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN).

Actividades	Repaso, reforzo e ampliación dos contidos a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber, contribuíndo por medio de todas as tarefas propostas que o alumnado acadará habilidades e destrezas das competencias recollidas no D 105/2014.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos, libros de texto do alumnado... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro. Instagram.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No referente á atención á diversidade, no noso centro estamos a traballar elaborando tarefas e actividades para o traballo online en coordinación co departamento de orientación e coa mestra de PT/AL.

Os medios empregados para a intervención son, principalmente, todo tipo de recursos que poden ser utilizados online, empregando a páxina web do centro.

Os alumnos con neae están respondendo de xeito desigual na participación das actividades propostas. Hai unha comunicación fluída entre titores e mestres de apoio cos alumnos e alumnas.

O profesorado de apoio (PT/AL) e as titoras teñen unha comunicación fluída coas familias telemáticamente e por teléfono móbil, xa que o centro adaptou o modelo de titorías á nova situación.

4º ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.	Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Elaborar textos sinxelos propios.	Elabora textos sinxelos propios.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular.	Aplica xeralmente as normas de acentuación. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.	Emprega con correccións os signos de puntuación.
Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual.	Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LENQUA CASTELLANA Y LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel.	Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar)
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.
Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información	Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

CIENCIAS NATURAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.
Comunicar de xeito oral e escrito as funcións de relación, reprodución e alimentación.	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

CIENCIAS SOCIAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida e o seu uso.	Define tempo atmosférico e identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.
Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos.	Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais,
Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.
Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos	Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, reconece a importancia de respectalas
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto.</p>	<p>Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas, cara a cara, sobre temas familiares ou do seu interés sempre e cando se fala de maneira lenta e clara.</p>
<p>Identificar o sentido xeral, a información esencial e a maioría dos puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos, cun gran número de estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles sempre que se conte con apoio visual, posibilidade de repetición ou confirmación e cunha forte referencia contextual.</p>	<p>Comprende o sentido xeral e o esencial de material audiovisual dentro da súa área de interés</p>
<p>Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que se produzan titubeos, vacilación, repeticións ou pausas para reorganizar o discurso.</p>	<p>Expón presentacións breves e sinxelas, preparadas e ensaiadas, dando información básica sobre sí mesmo indicando as súas sus aficións e intereses e as principais actividades do seu día a día, dando prioridade á fluidez no idioma.</p>
<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p>	<p>Asocia a grafía, pronunciación e o significado de frases sinxelas, cando le.</p>
<p>Identificar o sentido xeral, as ideas principais e a maioría das informacións específicas en textos impresos ou dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas moi familiares e cotiáns, sempre que se poida reler ou pedir aclaracións e cóntese con apoio visual e contextual.</p>	<p>Comprende as ideas principais de historias, con axuda de apoio visual e do uso do dicionario.</p>
<p>Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p>	<p>Utiliza con precisión vocabulario e estruturas de alta frecuencia para expresar información básica sobre situacións cotiás, en soporte papel ou dixital seguindo un modelo.</p>
<p>Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.</p>	<p>Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.</p>

EDUCACIÓN MUSICAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.
Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.	Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.
Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.
Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado.	Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais	Realiza actividades físicas e xogos en contornos non habituais.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas	Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia	Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN EN VALORES

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferencias.	Respecta e acepta as diferencias individuais e as de outras persoas.
Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	Realiza propostas creativas e emprega as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación	<u>Procedementos:</u> <ul style="list-style-type: none">- Revisión das tarefas e actividades propostas.
	<u>Instrumentos:</u> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).
Cualificación final	A cualificación final (avaliación ordinaria), obtérase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación, valorando positivamente a continuidade do alumnado dende o comezo das clases non presenciais.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN).

Actividades	Repaso, reforzo e ampliación dos contidos a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber, contribuíndo por medio de todas as tarefas propostas que o alumnado acadará habilidades e destrezas das competencias recollidas no D 105/2014.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos, libros de texto do alumnado... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro. Instagram.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No referente á atención á diversidade, no noso centro estamos a traballar elaborando tarefas e actividades para o traballo online en coordinación co departamento de orientación e coa mestra de PT/AL.

Os medios empregados para a intervención son, principalmente, todo tipo de recursos que poden ser utilizados online, empregando a páxina web do centro.

Os alumnos con neae están respondendo de xeito desigual na participación das actividades propostas. Hai unha comunicación fluída entre titores e mestres de apoio cos alumnos e alumnas.

O profesorado de apoio (PT/AL) e as titoras teñen unha comunicación fluída coas familias telemáticamente e por teléfono móbil, xa que o centro adaptou o modelo de titorías á nova situación.

5º ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. Descompón números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar
Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel e establecer conexións entre a realidade.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos.	Identifica as ideas principais dun texto.
Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.	Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
Coidar a presentación dos traballos escritos.	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica e separación entre parágrafos.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua	Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LENQUA CASTELLANA Y LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade.	Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais. Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa.
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.
Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole.	Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.
Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

CIENCIAS NATURAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.
Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

CIENCIAS SOCIAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.	Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.
Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.	Describe os principais rasgos da poboación española. Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.
.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.
.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España.	.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, pódase volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e cóntese con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p>	<p>Comprende as ideas principais de presentacións, cara a cara, sobre temas familiares ou do seu interés.</p>
<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricada ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.</p>	<p>Produce un texto oral sinxelo con axuda de expresións memorizadas, sinónimos, vocabulario de alta frecuencia e linguaxe corporal.</p>
<p>Participar de maneira simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexanevidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.</p>	<p>Expón presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas, sobre temas cotiáns ou dos eu interés, cunha pronunciación aceptable, dando prioridade á fluidez no idioma usando estruturas sinxelas.</p>
<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p>	<p>Asocia a grafía, pronunciación e significado dalgunhas palabras para a comprensión de textos sinxelos, cando le.</p>
<p>Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, pódase consultar un dicionario e cóntese con apoio visual e contextual.</p>	<p>Comprende a información principal nas noticias breves e artigos adaptados a súa idade e sobre temáticas do seu interés, puidendo usar o dicionario.</p>
<p>Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>Utiliza con precisión o vocabulario e estruturas sintácticas básicas para expresar información básica sobre experiencias e intereses, en soporte papel ou dixital.</p>
<p>Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.</p>	<p>Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.</p>

EDUCACIÓN MUSICAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.
Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.
Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.
Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos.	Ten interese en mellorar a súa capacidade motriz.
Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	Realiza actividades físicas e xogos en contornos non habituais.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas	Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación	<u>Procedementos:</u> <ul style="list-style-type: none">- Revisión das tarefas e actividades propostas.
	<u>Instrumentos:</u> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).
Cualificación final	A cualificación final (avaliación ordinaria), obterase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación, valorando positivamente a continuidade do alumnado dende o comezo das clases non presenciais.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN).

Actividades	Repaso, reforzo e ampliación dos contidos a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber, contribuíndo por medio de todas as tarefas propostas que o alumnado acade habilidades e destrezas das competencias recollidas no D 105/2014.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos, libros de texto do alumnado... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro. Instagram.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No referente á atención á diversidade, no noso centro estamos a traballar elaborando tarefas e actividades para o traballo online en coordinación co departamento de orientación e coa mestra de PT/AL.

Os medios empregados para a intervención son, principalmente, todo tipo de recursos que poden ser utilizados online, empregando a páxina web do centro.

Os alumnos con neae están respondendo de xeito desigual na participación das actividades propostas. Hai unha comunicación fluída entre titores e mestres de apoio cos alumnos e alumnas.

O profesorado de apoio (PT/AL) e as titoras teñen unha comunicación fluída coas familias telemáticamente e por teléfono móbil, xa que o centro adaptou o modelo de titorías á nova situación.

6º ED. PRIMARIA

MATEMÁTICAS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará.	Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. Realiza operacións con números decimais.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade.	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. Calcula o mcm e o mcd. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos.	Identifica as ideas principais dun texto.
Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.	Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
Coidar a presentación dos traballos escritos.	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica e separación entre parágrafos.
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua	Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	Identifica o tema do texto. Identifica as ideas principais dun texto.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social.
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.
Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso.	Crea textos literarios a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

CIENCIAS SOCIAIS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.
Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.	Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.
Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.
Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto.	Aplica os coñecementos adquiridos sobre as diferentes costumes e normas de cortesía dos países de fala estranxeira, para a comprensión de textos orais.
Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática).	Comprende o sentido xeral e o esencial de material audiovisual dentro da súa área de interés.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.	Expón presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas, sobre temas cotiás, de actualidade ou do seu interés, cunha pronunciación aceptable, dando prioridade á fluidez no idioma usando estruturas sinxelas.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende a información principal en noticias breves e artigos adaptados á súa idade e sobre temáticas do seu interés, poidendo usar o dicionario.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	Demanda información o realiza ofrecementos a través de diferentes tipos de textos escritos.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas polos docentes.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN MUSICAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.
Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.
Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.
Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.	Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.
Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
<u>Criterio de avaliación</u>	<u>Estándar de aprendizaxe</u>
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	Realiza actividades físicas e xogos en contornos non habituais.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas	Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
Participar semanalmente nas tarefas e actividades propostas.	Achega semanalmente evidencias dos traballos realizados.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación	<u>Procedementos:</u> <ul style="list-style-type: none">- Revisión das tarefas e actividades propostas.
	<u>Instrumentos:</u> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro das tarefas e actividades propostas mediante diversos medios (correo electrónico, vídeos, fotos, medios audiovisuais e evidencias escritas).
Cualificación final	A cualificación final (avaliación ordinaria), obterase mediante unha valoración continua do alumnado, tendo en conta o seu avance ao longo do curso escolar, incluíndo esta terceira avaliación, valorando positivamente a continuidade do alumnado dende o comezo das clases non presenciais.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN).

Actividades	Repaso, reforzo e ampliación dos contidos a través de enlaces a vídeos explicativos, cancións, contacontos, gravacións propias, xogos interactivos e fichas en pdf.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade, a metodoloxía empregada baséase na participación e na acción, de modo que o alumnado aprende a través da propia experiencia, dun modo eminentemente práctico, combinando tarefas e actividades máis lúdicas con outras que requiren recursos como o libro ou fichas fotocopiáveis. Así mesmo, empréganse as tecnoloxías da información e a comunicación como un recurso inesgotable de aprendizaxe e saber, contribuíndo por medio de todas as tarefas propostas que o alumnado acade habilidades e destrezas das competencias recollidas no D 105/2014.
Materiais e recursos	Pdfs, enlaces a páxinas web, fotos, vídeos, xogos interactivos, libros de texto do alumnado... Todos estes recursos quedan recollidos na páxina web e no Instagram do centro.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias	Abalar móbil. Páxina web do centro. Instagram de centro. Chamadas telefónicas. Correo electrónico do centro. What's app (dificultades para acceder a web e ao instagram).
Publicidade	Páxina web do centro. Instagram.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No referente á atención á diversidade, no noso centro estamos a traballar elaborando tarefas e actividades para o traballo online en coordinación co departamento de orientación e coa mestra de PT/AL.

Os medios empregados para a intervención son, principalmente, todo tipo de recursos que poden ser utilizados online, empregando a páxina web do centro.

Os alumnos con neae están respondendo de xeito desigual na participación das actividades propostas. Hai unha comunicación fluída entre titores e mestres de apoio cos alumnos e alumnas.

O profesorado de apoio (PT/AL) e as titoras teñen unha comunicación fluída coas familias telemáticamente e por teléfono móbil, xa que o centro adaptou o modelo de titorías á nova situación.